

Convocatoria III Edición do Programa Campus Rural. Prácticas universitarias na contorna rural

I. Obxecto

Convócanse 20 bolsas de tres meses de duración cada unha para estudantes de grao e máster oficial da Universidade da Coruña no marco do Programa Campus Rural de Prácticas universitarias na contorna rural.

O Programa Campus Rural é unha iniciativa desenvolvida polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, en colaboración co Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, a Conferencia de Reitores de Universidades Españolas e a maioría de universidades públicas españolas, que permitirá que o alumnado universitario de calquera titulación oficial poida levar a cabo prácticas académicas en municipios de zonas rurais con problemas de despoboamento, a través de entidades cuxas dependencias estean situadas nas zonas obxecto da iniciativa, xa sexan concellos, mancomunidades ou outros organismos públicos, así como empresas, asociacións, cámaras de comercio e fundacións sen ánimo de lucro cuxa actividade se desenvolva nos ditos territorios.

O obxectivo perseguido é que o alumnado universitario de calquera titulación oficial poida completar a súa formación mediante a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares no ámbito rural, en zonas con problemas de despoboamento residindo nel, coñecéndoo en profundidade, convivindo e colaborando coa súa xente, de modo que poidan consideralo como un lugar de oportunidades para o desenvolvemento do seu futuro persoal e profesional.

II. Dotación das bolsas

O Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico comprométese a achegar ata un máximo de 73.178,10 euros, o que equivale a un 90 % do orzamento total do programa Campus Rural.

O importe da bolsa será de 1.000€ brutos mensuais, máis Seguridade Social. A estes 1.000 € aplicaráselles a retención correspondente a conta do imposto

sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e o custo da Seguridade Social será o que corresponda conforme á cota existente no momento de realización das prácticas.

A partida orzamentaria da UDC para o programa Campus Rural é 030A 422D 48000.

III. Período de realización e duración das prácticas externas

As prácticas externas terán unha duración de tres meses en todos os casos e a súa data límite de finalización será o 15 de novembro de 2024. A persoa estudante deberá residir no mesmo municipio en que realice as prácticas ou, na medida do posible, en municipios de similares características situados a unha distancia non superior a 20 km do municipio de realización da práctica, co visto e prace da Universidade. De non ser posible, a persoa estudante deberá comunicar esta circunstancia á Unidade de Emprego (da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade) e xustificar as causas obxectivas que motivan non poder residir no mesmo municipio de realización das prácticas.

IV. Requisitos para o alumnado

1. Estar matriculado/a nunha titulación que figure entre as descritas na oferta de prácticas externas.
2. Ter superado o 50 % dos créditos necesarios para obter o título de grao, incluídos, como mínimo, todos os créditos correspondentes á formación básica. No caso do alumnado de máster, a porcentaxe anterior será do 25 % no momento de finalización do prazo de inscrición (segundo consta no Regulamento de prácticas externas do alumnado da Universidade da Coruña, aprobado no Consello de Goberno do 23 de abril de 2013 e modificado polos acordos do Consello de Goberno do 27/02/2015, 29/09/2015, 29/05/2018, 04/06/2019 e 03/11/2022).
3. Non manter relación contractual de tipo laboral, de prestación de servizos ou asimilable con ningunha empresa, institución ou entidade no momento do inicio das prácticas.

V. Criterios de selección

1. Nota media do expediente académico, con dous decimais, considerada na data de finalización de presentación de solicitudes.
2. En caso de similar nota media, terase en conta o maior número de créditos superados.
3. Ademais, poderase ter en conta no proceso de selección que a persoa estudante realice a práctica externa nunha provincia diferente á de onde cursa os seus estudos.
4. A titulación que está a cursar a persoa estudante debe ser coincidente coa solicitada pola entidade.
5. Seleccionaranse 20 estudantes, preferentemente 10 estudantes das ramas de Artes e Humanidades, e Ciencias Sociais e Xurídicas, e outros 10 das ramas de Ciencias, Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura. Aplicaranse os criterios mencionados nos puntos 1., 2. e 3. do presente apartado de criterios de selección.
6. Se a unha persoa estudante se lle asigna a entidade que seleccionou en primeiro lugar, xa non pode cambiar á segunda opción elixida e así sucesivamente.
7. Se unha persoa estudante renuncia á asignación, non ten posibilidade de que se lle asigne outra entidade e esta pasa de novo á listaxe de entidades pendentes de asignación de estudantes.
8. As persoas estudantes non seleccionadas pasarán a integrar unha listaxe de agarda.

VI. Prazos

1. Presentación da solicitude: do 11 ao 25 de abril.
2. Publicación da listaxe provisional: ata o 10 de maio.
3. Prazo de reclamacións: ata o 16 de maio.
4. Publicación da listaxe definitiva: ata o 24 de maio.
5. No caso de que a persoa estudante renuncie á práctica concedida, efectuaranse sucesivas adxudicacións seguindo a listaxe de agarda.

VII. Prazo de inscrición

Desde o 11/04/2024 ata o 25/04/2024.

VIII. Presentación de solicitudes

Para participar no programa o alumnado deberá cubrir e enviar o seguinte formulario: <https://forms.office.com/e/YuZR8e7ya7>.

IX. Compromisos das partes

a. Universidade da Coruña

- i. Establecerá o marco regulador das súas relacións con cada estudante e a entidade propoñente das prácticas. Ademais, seleccionará as prácticas, entre as propostas e que cumpran cos requisitos establecidos.
- ii. Informará as entidades colaboradoras que a súa proposta foi seleccionada para integrarse no Programa Campus Rural.
- iii. Realizará a xestión ordinaria das prácticas, proporcionando os instrumentos adecuados para tal efecto e o seu seguimento..
- iv. En relación coa persoa titora académica da Universidade, e tal e como indica o Regulamento de prácticas da UDC, deberá velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo e realizar un seguimento efectivo das prácticas en coordinación co/a titor/a da entidade colaboradora, entre outras cuestións.

b. Persoas estudantes

- i. Cumprirán a normativa vixente relativa a prácticas externas establecida pola Universidade.
- ii. Deberán coñecer e cumprir co contido das prácticas seguindo as indicacións da persoa titora asignada pola entidade colaboradora, en coordinación coa persoa titora por parte da Universidade. Igualmente, deberán manter o contacto co/a titor/a académico/a da Universidade durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlle calquera incidencia que poida acontecer.
- iii. Deberán incorporarse á entidade participante na data acordada, cumprindo o horario previsto no proxecto formativo e respectando a normativa vixente.

c. Entidades colaboradoras

- i. Velarán polo normal desenvolvemento das prácticas, garantindo a posibilidade de asistencia a probas de avaliación que se realicen durante o período das prácticas.

ii. En relación coa persoa titora designada pola entidade, e tal e como indica o Regulamento de prácticas da UDC, deberá acoller o alumnado, organizar e orientar a súa actividade de conformidade co proxecto formativo, e coordinar co/a titor/a académico/a da Universidade o desenvolvemento das actividades contidas no proxecto formativo, entre outras cuestións.

X. Comisión de selección

- Estefanía Mourelle Espasandín, adxunta de empregabilidade.
- M.^a Pilar Feal Rodríguez, técnica de emprego e asuntos xerais.
- Janet Fernández López, técnica de emprego e asuntos xerais.
- Susana A. Gándara Carro, técnica de emprego e asuntos xerais.
- M.^a Inmaculada Muñoz Pliego, técnica de emprego e asuntos xerais.
- Ana Beatriz Rivera Cores, técnica de emprego e asuntos xerais.

XI. Protección de datos

Os datos de carácter persoal proporcionados polas persoas solicitantes serán tratados para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terán dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Os datos do estudiantado seleccionado serán cedidos á entidade que o acollerá en prácticas co fin de poder proceder á tramitación destas. Terán dereito a lle solicitar ao/á responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terán dereito a se opoñer ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Estes dereitos poderanos exercer mediante unha solicitude remitida ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, R/ Mestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretaria.xeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto, ao que se lle xuntará a fotocopia do seu DNI. Igualmente poderán dirixir esta solicitude directamente ao delegado de protección de datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Así mesmo, terán dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

XII. Información

Emprego UDC Ferrol

Edificio de Apoio ao Estudo, baixo

Campus de Esteiro

Extensións: 3618, 3617, 3616

Correo electrónico:

emprego.vee@udc.gal

Emprego UDC A Coruña

Pavillón de Estudantes, 1.º andar

Campus de Elviña

Extensións: 2916, 2903

Correo electrónico:

emprego.vee@udc.gal

ANEXO I

CONVOCATORIA PROGRAMA CAMPUS RURAL 2024

ACEPTACIÓN OU RENUNCIA

NOME E APELIDOS:

DNI:

ENDEREZO:

LOCALIDADE: CÓDIGO POSTAL:

PROVINCIA: TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO DA UDC:

ACEPTO a bolsa

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

Declaración responsable

RENUNCIO á bolsa (indíquese o motivo)

.....
.....

Lugar, de de 2024

Asdo.: (NOME E APELIDOS)

ANEXO II

CONVOCATORIA PROGRAMA CAMPUS RURAL 2024

DECLARACIÓN RESPONSABLE

NOME E APELIDOS:

DNI:

Declaro baixo a miña responsabilidade que, segundo as bases da convocatoria do Programa Campus Rural do Ministerio para la Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, me comprometo a residir no mesmo municipio en que realizarei as prácticas externas, ou nun municipio de similares características situado a unha distancia non superior a 20 km, co visto e prace da Universidade.

Lugar, de de 2024

Asdo.: (NOME E APELIDOS)

ANEXO III

CONVOCATORIA PROGRAMA CAMPUS RURAL 2024

RESUMO DAS OFERTAS DE PRÁCTICAS EXTERNAS POR TITULACIÓN E ENTIDADES

TITULACIÓN	ENTIDADE	LUGAR	CÓDIGO DA PRÁCTICA +INFO OFERTAS / ENTIDADES
ADE	ANIMA RURAL HUBS SL	NAVIA DE SUARNA (LUGO)	4
	DESPACHO UXÍA VÁZQUEZ CASTRO	TABOADA (LUGO)	34
	ESTRUCTURAS Y HORMIGONES ASTURIAS SI	CABANAS (A CORUÑA)	25
	ASECOR XESTIÓN (Asesoría Fiscal, Laboral e Contable)	CORCUBIÓN (A CORUÑA)	5
	CONCELLO DE BARALLA	BARALLA (LUGO)	14
	CONCELLO VILARIÑO DE CONSO	VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)	21
	GALIPAT SERVIZOS CULTURAI	CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA)	27
	TÉCNICAS DE ENVASES PESQUEROS SA-TEPSA	MURAS (LUGO)	32
CC EMPRESARIAIS	ASECOR XESTIÓN (Asesoría Fiscal, Laboral e Contable)	CORCUBIÓN (A CORUÑA)	5
	CONCELLO DE BARALLA	BARALLA (LUGO)	14
	CONCELLO DE PARADA DO SIL	PARADA DO SIL (OURENSE)	18
	TÉCNICAS DE ENVASES PESQUEROS SA-TEPSA	MURAS (LUGO)	32
ADE-DEREITO	DESPACHO AVOGADA UXÍA VÁZQUEZ	TABOADA (LUGO)	34
	CONCELLO DA BAÑA	A BAÑA (OURENSE)	8
	TÉCNICAS DE ENVASES PESQUEROS SA-TEPSA	MURAS (LUGO)	32
	CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS	BAÑOS DE MOLGAS (OURENSE)	7
MÁSTER MBA	DESPACHO AVOGADA UXÍA VÁZQUEZ	TABOADA (LUGO)	34
	GALIPAT SERVIZOS CULTURAI	CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA)	27
	GDR11 ADERCOU	17 CONCELLOS DO RURAL (OURENSE)	28
MÁSTER EN AVOGACÍA E PROCURADORÍA	DESPACHO AVOGADA UXÍA VÁZQUEZ	TABOADA (LUGO)	34

DEREITO	DESPACHO AVOGADA UXÍA VÁZQUEZ	TABOADA (LUGO)	34
	CONCELLO DE BARALLA	BARALLA (LUGO)	14
	CONCELLO VILARIÑO DE CONSO	VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)	21
MÁSTER EN PRL	GREENALIA BIOMASS SUPPLY	TEIXEIRA (A CORUÑA)	29
TURISMO	ACCIÓN CUARTO MUNDO EN COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	CERDIDO (A CORUÑA)	1
	ANIMA RURAL HUBS SL	NAVIA DE SUARNA (LUGO)	4
	ASOCIACIÓN, PROMOCIÓN TERRITORIAL MONTAÑAS DO COUREL (XEOPARQUE MUNDIAL UNESCO DO COUREL)	QUIROGA (LUGO)	6
	CONCELLO DA BAÑA	OURENSE	8
	CONCELLO DE ALFOZ	ALFOZ (LUGO)	12
	CONCELLO DE ARNOIA	ARNOIA (OURENSE)	11
	CONCELLO DE PARADA DO SIL	PARADA DO SIL (OURENSE)	18
	CONCELLO DE VAL DO DUBRA	VAL DO DUBRA (A CORUÑA)	20
	CONCELLO DE MUXÍA	MUXÍA (A CORUÑA)	17
	CONCELLO DE MEIRA	MEIRA (LUGO)	16
	CONCELLO DE BARALLA	BARALLA (LUGO)	14
	CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS	BAÑOS DE MOLGAS (OURENSE)	7
LOGOPEDIA	CONCELLO DE ALFOZ	ALFOZ (LUGO)	12
COMUNICACIÓN	ANIMA RURAL HUBS SL	NAVIA DE SUARNA (LUGO)	4
AUDIOVISUAL	CONCELLO DE ALFOZ	ALFOZ (LUGO)	12
GRAO EN XESTIÓN DIXITAL DA INFORMACIÓN E DA DOCUMENTACIÓN	CONCELLO DE ALFOZ	ALFOZ (LUGO)	12
	CONCELLO DE BANDE	BANDE (OURENSE)	13
	FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO	AMOEIRO (OURENSE)	26
	CONCELLO DE XERMADE	XERMADE (LUGO)	22
	CONCELLO DE ARNOIA	A ARNOIA (OURENSE)	11

DOBRE GRAO EN TURISMO E EMPRESARIAIS	CONCELLO DE MEIRA	MEIRA (LUGO)	16
ECONOMÍA	ASECOR XESTIÓN EMPRESARIAL SL	CORCUBIÓN (A CORUÑA)	5
	CONCELLO DE BARALLA	BARALLA (LUGO)	14
	CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO	VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)	21
	TÉCNICAS DE ENVASES PESQUEROS SA-TEPSA	MURAS-LUGO	32
RRLL E RRHH	ASECOR XESTIÓN EMPRESARIAL SL	CORCUBIÓN (A CORUÑA)	5
	ESTRUCTURAS Y HORMIGONES ASTURIAS SL	CABANAS (A CORUÑA)	25
	GALIPAT SERVIZOS CULTURAI	CAMPO LAMEIRO (PONTEVEDRA)	27
	GREENALIA BIOMASS SUPPLY	TEIXEIRA (A CORUÑA)	29
EDUCACIÓN SOCIAL	CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS	BAÑOS DE MOLGAS (OURENSE)	7
	CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO	VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)	21
	CONCELLO DA VEIGA	OURENSE	10
	CONCELLO DA BAÑA	A BAÑA (OURENSE)	8
BIOLOXÍA	ASOCIACIÓN PROMOCIÓN TERRITORIAL MONTAÑAS DO COUREL (XEOPARQUE MUNDIAL UNESCO DO COUREL)	QUIROGA (LUGO)	6
	COOPERATIVA DP3 DO CAMPO DA CAPELA	A CAPELA (A CORUÑA)	24
	SOGARISA (UTE MPA CONTECO)	AS SOMOZAS (A CORUÑA)	33
	ASOCIACIÓN ACCIÓN CUARTO MUNDO	NEGUEIRA DE MUÑIZ (LUGO)	3
GRAO SIMULTANEIDADE BIOLOXÍA-QUÍMICA	COOPERATIVA DP3 DO CAMPO DA CAPELA	A CAPELA (A CORUÑA)	24
QUÍMICA	COOPERATIVA DP3 DO CAMPO DA CAPELA	A CAPELA (A CORUÑA)	24
	SOGARISA (UTE MPA CONTECO)	AS SOMOZAS (A CORUÑA)	33
ARQUITECTURA	ASOCIACIÓN CUARTO MUNDO	NAVIA DE SUARNA (LUGO)	2
	SILVIA LÓPEZ RODRÍGUEZ (AMBITA OFICINA TECNICA)	MOECHE (A CORUÑA)	31

MÁSTER EN ARQUITECTURA	CONCELLO DA PEROXA	A PEROXA (OURENSE)	9
	ASOCIACIÓN CUARTO MUNDO	NAVIA DE SUARNA (LUGO)	2
ARQUITECTURA TÉCNICA	CONCELLO DA PEROXA	A PEROXA (OURENSE)	9
	ASOCIACIÓN PROMOCIÓN TERRITORIAL MONTAÑAS DO COUREL (XEOPARQUE MUNDIAL UNESCO DO COUREL)	QUIROGA (LUGO)	6
	SILVIA LÓPEZ RODRÍGUEZ (AMBITA OFICINA TECNICA)	MOECHE (A CORUÑA)	31
	CONCELLO DE XERMADE	XERMADE (LUGO)	22
ESTUDOS DE ARQUITECTURA	ACCIÓN CUARTO MUNDO	NAVIA DE SUARNA (LUGO)	2
	SILVIA LÓPEZ RODRÍGUEZ (AMBITA OFICINA TECNICA)	MOECHE (A CORUÑA)	31
MÁSTER EN PRL	SILVIA LÓPEZ RODRÍGUEZ (AMBITA OFICINA TECNICA)	MOECHE (A CORUÑA)	31
EDUCACIÓN INFANTIL	CONCELLO DE PARADA DO SIL	PADADA DO SIL (OURENSE)	18
TERAPIA OCUPACIONAL	CONCELLO DE VAL DO DUBRA	VAL DO DUBRA (A CORUÑA)	20
GRAO EN PAISAXE	CONCELLO DE VAL DO DUBRA	VAL DO DUBRA (A CORUÑA)	20
MÁSTER EN PLANIFICACIÓN E XESTIÓN DE DESTINOS TURÍSTICOS	ANIMA RURAL HUBS SL	NAVIA DE SUARNA (LUGO)	4
	CONCELLO DE MUXÍA	MUXÍA (A CORUÑA)	17
	CONCELLO DA ARNOIA	LUGO	11
	CONCELLO DE MEIRA	LUGO	16
	CONCELLO DE ARNOIA	A ARNOIA (OURENSE)	11
MÁSTER EN ESTUDOS AVANZADOS DE MUSEOS, ARQUIVOS E BIBLIOTECAS	CONCELLO DE MEIRA	MEIRA LUGO	16
	CONCELLO DE MUXÍA	MUXÍA (A CORUÑA)	17
	CONCELLO DE QUINTELA DE LEIRADO	QUINTELA DE LEIRADO (OURENSE)	19
	FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO	AMOEIRO	26
	CONCELLO DE BANDE	BANDE (OURENSE)	13
ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE	CONCELLO DE ZAS	ZAS (A CORUÑA)	23
ENXEÑARÍA INDUSTRIAL	SOGARISA (UTE MPA CONTECO)	AS SOMOZAS (A CORUÑA)	33
	ASOCIACIÓN CUARTO MUNDO	CERDIDO (A CORUÑA)	2

SOCIOLOXÍA	ASOCIACIÓN CUARTO MUNDO EN COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA	CERDIDO (A CORUÑA)	1
MÁSTER EN ARQUITECTURA	ASOCIACIÓN CUARTO MUNDO	NAVIA DE SUARNA (LUGO)	2
	CONCELLO DA PEROXA	A PEROXA (OURENSE)	9
	GDR11 ADERCOU	17 CONCELLOS DO RURAL (OURENSE)	28
MÁSTER EN POLÍTICAS SOCIALES E INTERVENCIÓN SOCIOCOMUNITARIA	ASOCIACIÓN CUARTO MUNDO	NAVIA DE SUARNA (LUGO)	2
	CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS	BAÑOS DE MOLGAS	7
	CONCELLO DA BAÑA	A BAÑA (OURENSE)	8
CIENCIAS DE LA ACTIVIDAD FÍSICA DEL DEPORTE	ANIMA RURAL HUBS SL	NAVIA DE SUARNA (LUGO)	4
ENXEÑARÍA INFORMÁTICA	ASOCIACIÓN PROMOCIÓN TERRITORIAL MONTAÑAS DO COUREL (XEOPARQUE MUNDIAL UNESCO DO COUREL)	QUIROGA (LUGO)	6
	CONCELLO DE ALFOZ	ALFOZ (LUGO)	12
	CONCELLO DE MANZANEDA	MANZANEDA (OURENSE)	15
MÁSTER U. EN PATRIMONIO CULTURAL DIXITAL	CONCELLO DE BANDE	BANDE (OURENSE)	13
	FUNDACIÓN OTERO PEDRAYO	AMOEIRO- OURENSE	26
ENXEÑARÍA ELÉCTRICA	PLÁSTICOS FERRO SL	MURAS (LUGO)	30
ENXEÑARÍA ELÉCTRICA (FORMACIÓN DUAL)	PLÁSTICOS FERRO SL	MURAS (LUGO)	30
ENXEÑARÍA INDUSTRIAL DE ELECTRÓNICA E AUTOMÁTICA	PLÁSTICOS FERRO SL	MURAS (LUGO)	30
ENXEÑARÍA MECÁNICA	PLÁSTICOS FERRO SL	MURAS (LUGO)	30
GRAO EN INGLÉS: ESTUDOS LINGÜÍSTICOS E LITERARIOS	TÉCNICAS DE ENVASES PESQUEROS SA-TEPSA	MURAS (LUGO)	32

GRAO SIMULTANEIDADE DE INGLÉS-GALEGO OU ESPAÑOL	TÉCNICAS DE ENVASES PESQUEIROS SA-TEPSA	MURAS (LUGO)	32
ENXEÑARÍA DE OBRAS PÚBLICAS	CONCELLO DE XERMADE	XERMADE (LUGO)	22

ANEXO IV

PROGRAMA CAMPUS RURAL 2024

DESCRIPCIÓN DAS OFERTAS DE PRÁCTICAS EXTERNAS

INFORMACIÓN SOBRE ENTIDADES E DESCRICIÓN DE OFERTAS DE PRÁCTICAS PROGRAMA CAMPUS RURAL 2024

CÓDIGO DA PRÁCTICA	1
NOME ENTIDADE COLABORADORA	ACCIÓN CUARTO MUNDO EN COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
Tipo de entidade	Asociación
Concello / Provincia	Navia de Suarna / Lugo
Sector de actividade da entidade	Acción social
Perfil do alumnado solicitado	<ul style="list-style-type: none"> Grao en Turismo (socioloxía do turismo / técnicas de comunicación e de promoción turística) Grao en Socioloxía (antropoloxía social e cultural; psicoloxía social; métodos e técnicas de investigación social)
Área / Departamento prácticas	Turismo e Socioloxía
Tarefas a realizar polo alumnado	Trátase de realizar un estudo sociolóxico e de recursos para a promoción turística do municipio de Cerdido, como centro de gravidade equidistante cos puntos de interés natural da costa norte da provincia da Coruña, con desprazamentos a menos de 30 km a os puntos destacados da área, incluído Cedeira, Ortigueira, Cariño e Valdoviño, para tratar de obter un estudo e propostas conxuntas de promoción da zona afectada. Calquera desprazamento necesario non correrá a cargo dos participantes no campus, senón por conta do convenio entre a Deputación da Coruña e Asociación Cuarto Mundo.
Lugar de realización das prácticas	Municipio de Cerdido
Flexibilidade no mes de inicio e fin	Si
Existe algún mes do período de prácticas cerrado por vacacións?	Non
Horario de realización das prácticas	Como máximo, 40 horas semanais, dentro das liñas que marca a normativa
A localidade onde se realiza a práctica conta con aloxamentos para acoller ao alumnado de prácticas?	Si
A oferta realizada pola entidade pode achegar unha solución habitacional de residencia para o alumnado durante o período de prácticas?	Si No propio municipio ou en municipio cercano a menos de 30 Km.

CÓDIGO DA PRÁCTICA	2
NOME ENTIDADE COLABORADORA	ACCIÓN CUARTO MUNDO EN COLABORACIÓN CO CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA
Tipo de entidade	Asociación
Concello / Provincia	Navia de Suarna / Lugo
Sector de actividade da entidade	Asociación / Administración pública
Perfil do alumnado solicitado	<ul style="list-style-type: none"> • Grao en Arquitectura / Estudos en Arquitectura • Grao en Socioloxía • Máster en Arquitectura • Máster en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria
Área / Departamento prácticas	Arquitectura e Socioloxía
Requisitos e coñecementos imprescindibles ou recomendables que deberá ter o alumnado	<p>Dous estudantes de Arquitectura ou Máster en Arquitectura, capaces de avaliar o estado das vivendas en orde a súa restauración.</p> <p>Dúas persoas estudantes de Socioloxía ou Máster en Políticas Sociais e Intervención Sociocomunitaria, capaces de entrevistarse coas persoas propietarias das vivendas e determinar a súa actitude e disposición a negociar a colaboración para un plan de restauración das vivendas e a súa posta a disposición para alquiler social ata a amortización dos custos de restauración.</p>
Tarefas a realizar polo alumnado	<p>Arquitectos/as: colaboración co concello para facer un listado de vivendas abandonadas. Visitar as vivendas, avaliar a súa situación arquitectónica, e se é posible establecer unha 1ª avaliación básica do posible custo de restauración.</p> <p>Sociólogos/as: contactar coas persoas propietarias das vivendas abandonadas e explicar proxectos de restauración co respaldo municipal, e valorar a disposición a unha colaboración que permita o desenvolvemento do programa de restauración e alquiler social polo tempo necesario para amortizar o custo da restauración.</p>
Lugar de realización das prácticas	Navia de Suarna. Casa do Concello / coworking de Casa Quiñones / e traballo de campo.
Flexibilidade no mes de inicio e fin	Sí
Existe algún mes do período de prácticas cerrado por vacacións?	Non
Horario de realización das prácticas	A convir, cumprindo os requisitos legais e adaptándose aos horarios das persoas coas que se vai a colaborar.
A localidade onde se realiza a práctica conta con aloxamentos para acoller ao alumnado de prácticas?	Sí
A oferta realizada pola entidade pode achegar unha solución habitacional de residencia para o alumnado durante o período de prácticas?	<p>Sí</p> <p>Facilitar a negociación do seu aloxamento en condicións asequibles con opcións reais existentes no municipio.</p>

CÓDIGO DA PRÁCTICA	3
NOME ENTIDADE COLABORADORA	ACCIÓN CUARTO MUNDO. // O PAÍS DO ABEYEIRO
Tipo de entidade	Asociación
Concello / Provincia	Navia de Suarna / Lugo
Sector de actividad e da entidade	Social
Perfil do alumnado solicitado	<ul style="list-style-type: none"> • Grao en Bioloxía
Área / Departamento de prácticas	Bioloxía, medio ambiente, zooloxía, botánica
Requisitos e coñecementos imprescindibles ou recomendables que deberá ter o alumnado de prácticas	Con preferencia por: análises de datos de bioloxía, biodiversidade animal e medio ambiente, sostibilidade e conservación da fauna, ecoloxía, zooloxía, botánica,...
Tarefas a realizar polo alumnado de prácticas	<ul style="list-style-type: none"> • Apicultura tradicional: aprendizaxe e prácticas relacionadas con esta materia; colaboración no ecomuseo do País do Abeyeiro, con aprendizaxe sobre apicultura sostible, realización de cursos, visitas guiadas e congresos sobre o tema. • Tarefas de coñecemento, aprendizaxe e mantemento de xardín de polinizadores Fernando Pueyo; para a conservación e estudo de flora autóctona, así como de larvas, volvoretas, escarabellos, polillas, abelorros e abellas que habitan no lugar. • Tarefas de conservación da natureza no Souto de Humboldt. • Participación no proxecto de conservación relacionado coa gandeiría extensiva sostible da biodiversidade.
Lugar de realización das prácticas	Nequeira de Muñiz (Lugo). Instalación do País do Abeyeiro en Penadanogueira.
Flexibilidade no mes de inicio e final	Sí
¿Existe algún mes del período de prácticas cerrado por vacaciones?	Non
Horario de realización de prácticas	Horario a convir, gardando as normas legais, adaptado a horas de luz e aos momentos adecuados para as tarefas relacionadas coa diversidade. Negociando con participantes dende o inicio.
¿La localidad donde se realiza la práctica cuenta con alojamientos para acoger al alumnado?	Sí
¿La oferta realizada por la entidad puede aportar una solución habitacional de residencia para el alumnado durante el período de prácticas?	Sí Compromiso do concello de negociar o aloxamento incluso en casas particulares.

CÓDIGO DA PRÁCTICA	4
NOME ENTIDADE COLABORADORA	ANIMA RURAL HUBS SL
Tipo de entidade	Empresa privada
Concello / Provincia	O Páramo / Lugo
Páxina web	https://laveracampoaranuelohub.com/
Sector de actividade da entidade	Hub de Innovación no Rural: a promoción e fomento do emprendemento, a diversificación da economía rural, a innovación, a dixitalización, a formación, a mentoría, o talento, a transferencia do coñecemento, a inversión e atracción de capital; así como, a competitividade das empresas como principal fonte de xeración de recursos e emprego nos lugares ou localidades de traballo. O proxecto pretende seguir esta liña.
Perfil del alumnado solicitado	<ul style="list-style-type: none"> • Grao en Turismo • Grao en Administración e Dirección de Empresas • Grao en Comunicación Audiovisual • Grao en CC da Actividade Física e do Deporte • Máster en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos
Área / Departamento das prácticas	Dirección
Requisitos e coñecementos imprescindibles ou recomendables que deberá ter o alumnado de prácticas.	O requisito principal é a ACITUDE, saber que vai a un pobo e o proxecto no que vai a participar é un reto cheo de oportunidades.
Tarefas a realizar polo alumnado de prácticas	<p>A tarefa principal será colaborar no deseño e redacción dun Manual Operativo dun Hub de Innovación no Rural que sirva de ferramenta para a implementación deste tipo de proxectos noutros territorios.</p> <p>Tipos de tarefas: busca e arquivo de información, organización de actividades e eventos, visitas aos diferentes colaboradores (veciñanza, persoas proveedoras, administración) atención telefónica, solicitudes de axudas e colaboración, etc.</p>
Lugar de realización das prácticas	O Redondo 20 (Friolfe - O Páramo) - Lugo
Flexibilidade no mes de inicio e final	Sí
Existe algún mes do período de prácticas cerrado por vacacións?	Non
Horario de realización das prácticas	Indiferente
A localidade onde se realiza a práctica conta con aloxamentos para acoller o alumnado?	Sí
¿A oferta realizada pola entidade pode aportar unha solución habitacional de residencia para o alumnado durante o período de prácticas?	<p>Sí</p> <p>Unha vivenda rural</p>

CÓDIGO DA PRÁCTICA	5
NOME ENTIDADE COLABORADORA	ASECOR XESTION EMPRESARIAL S.L.
Tipo de entidade	Empresa privada
Concello / Provincia	Corcubión / A Coruña
Sector de actividad de la entidad	Asesoría laboral, fiscal, contable
Perfil do alumnado solicitado	<ul style="list-style-type: none"> • Grao en Administración e Dirección de Empresas • Grao en CC Empresariais • Grao en Economía • Grao en Relacións laborais e RRHH
Áreas / Departamentos das prácticas	Contabilidade, laboral
Requisitos e coñecementos imprescindibles que deberá ter o alumnado de prácticas	Coñecementos en cotabilidade, nóminas, etc.
Tarefas a realizar polo alumnado de prácticas	Laborais de contabilidade, contratos laborais, nóminas, etc.
Lugar de realización das prácticas	Rúa Moncho Valcarce, 1-BJ- Corcubión
Flexibilidade no mes de inicio e final	Sí
Existe algún mes do período de prácticas cerrado por vacacións?	Non
Horario de realización das prácticas	Do 1 de xuño ao 30 de setembro, de 8:00 a 15:00 Resto: de 9:00 a 14:00 e de 16:30 a 19:30
A localidade onde se realiza a práctica conta con aloxamentos para acoller o alumnado?	Sí
A oferta realizada pola entidade pode aportar unha solución habitacional de residencia para o alumnado durante a práctica?	Non

CÓDIGO DA PRÁCTICA	6
NOME ENTIDADE COLABORADORA	ASOCIACION PROMOCION TERRITORIAL MONTAÑAS DO COUREL (Xeoparque Mundial UNESCO Montañas do Courel)
Concello / Provincia	Quiroga/Lugo
Sector de actividade da entidade	Xestión Xeoparque Mundial UNESCO Montañas do Courel
Perfil del alumnado solicitado	<ul style="list-style-type: none"> • Grao en Turismo • Grao en Arquitectura Técnica • Grao en Bioloxía • Grao en Enxeñaría Informática • Resaltar que o alumnado asignado poderá contar co apoio económico do xeoparque para o desenvolvemento dos TFG ou TFM, sempre que as temáticas garden relación directa cos recursos e/ou sobre o Xeoparque.
Área / Departamento de las prácticas	1.- Turismo, 2.- Infraestructuras Xeoparque, 3.- Medioambiente, 4.- Nuevas tecnoloxías / Informática aplicada ao turismo
Requisitos y conocimientos imprescindibles o recomendables que deberá tener el alumnado en prácticas	1.- Vontade de desenvolver un proxecto / traballo concreto e específico durante os meses de práctica. No caso da praza de bioloxía e arquitectura técnica, dispoñibilidade de vehículo propio para desprazamentos polo Xeoparque (o Xeoparque sufragará os custos de locomoción e seguro de accidentes e RC).
Tareas a realizar por el alumnado en prácticas	<p>1.-Turismo: deseño de novos folletos promocionais do Xeoparque, deseño de enquisas para as dúas oficinas de turismo do Xeoparque e enquisas para os 7 centros de interpretación do Xeoparque.</p> <p>2.-Arquitecto/a técnico/a: memoria / proxecto de deseño básico para creación de zonas de estacionamento en proximidades de recursos turísticos do Xeoparque.</p> <p>3.- Bioloxía: contribuir a atención a turistas e visitantes da Aula da Natureza da Devesa da Rogueira , guiado de roteiros pola Devesa da Rogueira, e elaboración de manual básico descriptivo de información sobre a Devesa da Rogueira</p> <p>4.- Enxeñaría Informática: redeseño da web do Xeoparque.</p>
Lugar de realización de las prácticas	Nos tres concellos do Xeoparque: Turismo (Ribas do Sil-Quiroga) , Arquitecto/a (Folgo do Courel), Bioloxía (Folgo do Courel), Informático/a (Quiroga- Ribas de Sil).
Flexibilidad en el mes de inicio y final	Sí
¿Existe algún mes del período de prácticas cerrado por vacaciones?	Non
Horario de las prácticas	Mañán
¿La localidad en donde se realizan las prácticas cuenta con alojamientos para acoger al alumnado?	Sí
¿La oferta realizada por la entidad puede aportar una solución habitacional de residencia para el alumnado durante el período de prácticas?	Sí Facilitando acceso a aloxamento , contribuíndo á súa cofinanciación.

CÓDIGO DA PRÁCTICA	7
NOME ENTIDADE COLABORADORA	CONCELLO BAÑOS DE MOLGAS
Tipo de entidade	Administración pública
Concello / Provincia	Baños de Molgas / Ourense
Sector de actividade da entidade	Administración pública
Perfil do alumnado solicitado	<ul style="list-style-type: none"> Grao en Educación Social
Área / Departamento de realización das prácticas	Asistente social
Tarefas a realizar polo alumnado de prácticas	Tarefas complementarias asistencia social
Lugar de realización das prácticas	Baños de Molgas
Flexibilidade no mes de inicio e fin	Sí
Existe algún mes do período de prácticas cerrado por vacacións?	Non
Horario de realización das prácticas	08:00 a 14:00
A localidade onde se realiza a práctica conta con aloxamentos para acoller ao alumnado?	Sí
A oferta realizada pola entidade pode achegar unha solución habitacional de residencia para o alumnado durante o período da práctica?	Sí Hotel / Albergue

CÓDIGO DA PRÁCTICA	8
NOME ENTIDADE COLABORADORA	CONCELLO DA BAÑA
Tipo de entidade	Administración pública
Concello / Provincia	A Baña / A Coruña
Páxina web	https://concello dabana.gal/index.php
Sector de actividade da entidade	Sector público
Perfil do alumnado solicitado	<ul style="list-style-type: none"> • Grao en Educación Social • Máster Universitario en Políticas Sociales e Intervención Sociocomunitaria • Dobre Grao en Administración e Dirección de Empresas (ADE) – Dereito • Grao en Turismo
Área / Departamento das prácticas	Servizos sociais, cultura, emprego e desenvolvemento local, administración.
Requisitos e coñecementos imprescindibles ou recomendables do alumnado en prácticas	Proactividade, desexo de aprender e iniciativa e autonomía.
Tarefas a realizar polo alumnado en prácticas	<ul style="list-style-type: none"> • Intervención con familias, adolescencia, infancia e maiores; Dinamización socio comunitaria e coordinación con outros profesionais da intervención do municipio, para Educación Social e Máster Universitario en Políticas Sociales e Intervención Socio comunitaria). • Tarefas administrativas propias de diversos escritos (actas, decretos...), expedientes, subvencións., con supervisión e acompañamento, do persoal técnico municipal. • Tarefas administrativas propias da entidade local como a elaboración de diversos escritos (actas, decretos...), expedientes, subvencións., con supervisión e acompañamento do persoal técnico municipal.
Lugar de realización das prácticas	Concello da Baña
Flexibilidade en el mes de inicio e fin	Sí
Existe algún mes do período de prácticas cerrado por vacacións?	Non
Horario de realización das prácticas	08:00 a 15:00
A localidade onde se realiza a práctica conta con aloxamentos para acoller ao alumnado?	Non
A oferta realizada pola entidade pode aportar unha solución habitacional de residencia para o alumnado durante o período da práctica?	Non

CÓDIGO DA PRÁCTICA	9
NOME ENTIDADE COLABORADORA	CONCELLO DA PEROXA
Tipo de entidade	Administración pública
Concello / Provincia	A Peroxa / Ourense
Páxina web	www.aperoxa.es
Sector de actividade da empresa	Administración
Perfil do alumnado solicitado	<ul style="list-style-type: none"> • Grao en Arquitectura Técnica • Máster en Arquitectura
Área / Departamento das prácticas	Urbanismo
Tarefas a realizar o alumnado en prácticas	Xestión de expedientes asignados ao Departamento de Urbanismo, emisión de informes, xestión de consultas da cidadanía, etc.
Lugar de realización das prácticas	Concello da Peroxa
Flexibilidade no mes de inicio e fin	Sí
Existe algún mes do período de prácticas cerrado por vacacións?	Non
Horario de realización das prácticas	08:30-14:30 horas
A localidade onde se realiza a práctica conta con aloxamentos para acoller ao alumnado?	Non
A oferta realizada pola entidade pode aportar unha solución habitacional de residencia para o alumnado durante o período da práctica?	Non

CÓDIGO DA PRÁCTICA	10
NOME DA ENTIDADE COLABORADORA	CONCELLO DA VEIGA
Tipo de entidade	Administración pública
Concello / Provincia	A Veiga/Ourense
Páxina web	www.aveiga.gal
Sector de actividade da entidade	Servizo social
Perfil do alumnado solicitado	<ul style="list-style-type: none"> Grao en Educación Social
Área / Departamento das prácticas	Servizos sociais
Requisitos e coñecementos imprescindibles e recomendables que deberá ter o alumnado de prácticas	Coñecementos básicos en servizos sociais, cultura e programas comunitarios.
Tarefas a realizar polo alumnado en prácticas	<ul style="list-style-type: none"> Organizar e executar actividades dirixidas á poboación en xeral. Promoción da cultura. Xestionar programas comunitarios e todo o relacionado con familias vulnerables.
Lugar de realización das prácticas	Concello da Veiga
Flexibilidade no mes de inicio e fin	Sí
Existe algún mes do período de prácticas cerrado por vacacións?	Non
Horario das prácticas	de 08:00h a 15:00h (agás días nos que se organizan actividades)
A localidade onde se realiza a práctica conta con aloxamentos para acoller ao alumnado?	Sí
A oferta realizada pola entidade pode aportar unha solución habitacional de residencia para o alumnado durante a práctica?	<p>Sí</p> <p>O concello conta con vivendas municipais que deben solicitarse con meses de antelación.</p>

CÓDIGO DA PRÁCTICA	11
NOME ENTIDADE COLABORADORA	CONCELLO DA ARNOIA
Tipo de entidade	Administración pública
Concello / Provincia	A Arnoia / Ourense
Páxina web	www.arnoia.es
Sector de actividade da entidade	Entidade local
